

• CURSO •

# CONTENCIÓN MECÁNICA AVANZADO

AVALIACIÓN E CONTROL EN SITUACIÓNS DE CRISE

## Destinatarios


Profesionais do ámbito social e sanitario e familias pertencentes a entidades asociadas á Federación Autismo Galicia que teñan trato tanto na súa contorna familiar como na súa actividade profesional con usuarios/ as que presenten conductas agresivas. Tendo preferencia as persoas que estén en posesión do curso de contención mecánica (iniciación) ou con coñecementos e/ou formación en contención mecánica.

**E**ste curso preséntase como continuación e complemento do curso de contención mecánica de iniciación, no que se realizará un repaso aos conceptos xa tratados, complementando os mesmos e achegando novos coñecementos relacionados coa contención mecánica e as súas vertentes.

Falarase da Contención Psicolóxica, parte fundamental e cimento de toda esta formación, falando de novo do achegamento ao/a usuario/a, técnicas de abordaxe, terminoloxía a utilizar en situacións de tensión así como as consecuencias e as vantaxes dunha boa abordaxe verbal. Nesta segunda parte do curso explicarase en máis en profundidade esa relación inequívoca entre ambas as contencións, non sendo posible unha sen a outra, complementándose dunha maneira unidireccional.

Nesta segunda etapa, centrarémonos xa dunha maneira explícita, no traballo en grupo, fundamental á hora de realizar unha contención mecánica, repasaremos o concepto de grupo, os seus obxectivos, condicionantes e aspectos fundamentais na parte teórica, para seguir vendo e practicando as formas de abordaxe a un/ unha usuario/a en crise. Daremos moita importancia ao traballo entre TRES, CATRO e CINCO profesionais ou familiares, tentando con iso explicar a repartición de funcións para minimizar riscos nunha situación de crise.

Na parte práctica, realizarase un repaso aos movementos básicos e seguiremos subindo esa escaleira que utilizamos de maneira virtual para explicar todos os conceptos baseados no EQUILIBRIO, FORZA E CONTROL. Volverase a ver as formas básicas de defensa, a importancia do equilibrio como base de sustentación, o uso de forza contraria como suplemento da propia e os agarres como inicio dun bo control.



Como novo concepto explicaranse as proxeccións e as inmovilizacións en chan para contrarrestar esa excitación ou hiperactividade nun momento dado. Para finalizar realizarase un "role playing" que consistirá en varios casos prácticos, coa finalidade de que os/as profesionais e familias poñan en práctica o aprendido na formación, con iso preténdese establecer uns decálogos de actuación que axuden a traballar en futuros conflitos, sendo moito máis fácil a súa resolución.

**Docente: Mauro Álvarez Alonso.** Experto en Contención Mecánica con máis de 10 anos de experiencia como docente adquirida en numerosos cursos promovidos por diferentes institucións e asociacións.

**Obxectivo do curso:** formar en técnicas de contención mecánica avanzada a profesionais e familias como forma de control ante situacións de crise. Para evitar de forma ética e segura poñer en perigo a integridade física da persoa, o profesional ou a súa contorna.

### **Resultados esperados:**

- Adquirir conceptos avanzados sobre contención mecánica
- Identificar e clasificar os grupos de usuarios/as aos que van destinadas as técnicas de contención
- Asimilar as normas básicas de actuación así como o procedemento de intervención ante situacións de axitación
- Recordar e profundizar nas intervencións que poden levarse a cabo a través da contención psicolóxica
- Analizar a tipoloxía de usuarios/as e accións alternativas de suxección
- Ser consciente da importancia que ten a súa actuación para evitar lesións tanto entre os/as profesionais e familias como dos/as usuarios/as aos que vai encamiñada .
- Dominar as diferentes formas de control de usuarios/as en axitación
- Realizar un análise óptimo da situación para aplicar as estratexias de intervención de acordo coas necesidades dos/as usuarios/as
- Valorar a relación entre análise da situación, análise de resultado e análise final
- Coñecer a normativa correspondente.



## **Programa de Contidos:**

### **1.- Contención Mecánica**

- 1.1 A contención
- 1.2 Introducción á contención mecánica; conceptos xerais
- 1.3 Definición de restriccións do movemento e aillamento

### **2.- Normas Básicas de Actuación**

- 2.1 Normas básicas de actuación
- 2.2 Contención psicolóxica
- 2.3 Decálogo de intervención

### **3.- Protocolos e Decálogos de Actuación ante unha Contención**

- 3.1 Introducción. Fases
- 3.2 Estratexias no desenvolvemento da tensión
- 3.3 Pautas no episodio da violencia aguda
- 3.4 Actuacións ante o arrepentimento do/a usuario/a

### **4.- Concepto de Grupo. Clases de Grupo**

- 4.1 Concepto de grupo
- 4.2 Clases de grupos e formación dos mesmos
- 4.3 O grupo e a contención

### **5.- Equilibrio, Forza e Control. Conceptos e Aplicación Práctica**

- 5.1 Equilibrio, forza e control
- 5.2 Conceptos aplicados á contención
- 5.3 Autoprotección e terminoloxía

### **6.- Normativa Aplicada**

- 6.1 Código Penal. Lexítima defensa
- 6.2 Código Penal. Estado de necesidade
- 6.3 Omisión do deber de socorro

**Datas de realización:** 10,11 e 12 de novembro

**Lugar:** Santiago de Compostela

Rúa Nova, 33 Centro Social A Fundación

**Número de horas:** 10 (2 horas teóricas e 8 horas prácticas)

**Horario:**

**Venres 10:** 18:00 a 20.00 (teoría). Asisten 40 persoas

**Sábado 11:** de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30 (práctica do primeiro turno). Asisten 20 persoas

**Domingo 12:** de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30 (práctica do segundo turno). Asisten 20 persoas

\* Todos os asistentes ao curso participarán o venres na sesión teórica. A sesión práctica realizarase en dous turnos, un turno o sábado e outro turno o domingo. Ao realizar a inscrición indicade a vosa preferencia Sábado ou domingo.

\* Aconséllase ir con roupa cómoda, preferentemente calzado deportivo e chandal.

**Número de prazas:** 40 (20 persoas en cada turno)

**Custe curso:** 12 €

**Prazo de inscrición:** 24 de outubro

## [FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)

\* Confirmaráselle a praza por correo e facilitaráselle un número de conta para facer o ingreso. Enviar copia de xustificante de pagamento a: [info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

\* A asignación de prazas será por riguroso orde de inscrición, tendo preferencia as persoas que estén en posesión do curso de contención mecánica ( iniciación) ou con coñecementos e / ou formación en contención mecánica